



O ELEVADO CONSUMO DE RECURSOS QUE SE ESTÁ A FACER NA SOCIEDADE, FAI NECESARIO O IMPULSO DE CAMBIO DE HÁBITOS E COMPORTAMENTOS, QUE POIDAN AXUDAR A FACER UN USO MÁIS SUSTENTABLE E SOLIDARIO DE TODOS OS RECURSOS.

MÁIS INFORMACIÓN EN:

asociacionventonoso@gmail.com

<https://www.ventonoso.com/>



USO SOSTIBLE DA ENERXÍA E DOS RECURSOS NA SOCIEDADE



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

BOAS PRÁCTICAS ENERXÉTICAS NA CASA

Emprega **lámpadas de baixo consumo**.



Utiliza **cores claras** nas paredes.



As **potas a presión** ou rápidas, consomen ata un 60% menos que as tradicionais.



Apaga o lume 3 ou 5 minutos antes para aproveitar a **calor residual**.



Configura a temperatura do **frigorífico** no intervalo de **3 °C a 7 °C**. Por cada grao que se baixa a temperatura hai ata un 5% máis de consumo.



Colocar o frigorífico fora do alcance da luz ou calquera outra fonte de calor.



Dosifica de forma adecuada o **deterxente**.



Eliminar todos os restos da vaixela antes de metelos no lavalouzas.



Mantén pechados os radiadores das habitacións que non se ocupen.



BOAS PRÁCTICAS NO USO DA AUGA

Pecha a billa mentras te enxabonas ou lavas os dentes. (Ter a billa aberta gasta de 5 a 15 litros por minuto).



Revisa o **estado das billas** da casa (Unha billa que gotea perde uns 30 litros ao día).



Comproba a **presión** (Enche unha botella de auga dun litro coa billa aberta ao máximo. Se tarda menos de 4 segundos significa que é demasiado alta).



Cociña ao **vapor**.



Emprega un bol con auga para lavar as froitas e verduras.



Non desconxeles os alimentos debaixo do chorro de auga.



Enche o lavalouzas antes de empregalo.



Selecciona **especies autóctonas** para o teu xardín.



BOAS PRÁCTICAS PARA A XESTIÓN SOSTIBILE DO SOLO



PRACTICA O MÍNIMO LABOREO:

Consiste en intervir o menos posible no solo no momento do cultivo, de forma que non se interfiran os procesos naturais que nel se producen.



PASTOREO

Pastoreo controlado e rotación do gando dentro do terreo, para evitar que o solo se compacte (sobre todo en época de chuvias), para deixar repousar o solo e mellorar o rebrote de prados.



ROTACIÓN DE CULTIVOS

Para manter a fertilidade do solo e reducir os procesos de degradación do solo pola erosión.

ABONOS VERDES E COBERTURA DO SOLO:



Incorporar plantas sementadas ou biomasa vexetal non descomposta para mellorar a fertilidade e calidade do solo

